

COMISIÓN DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA DO GRAO EN QUÍMICA – CURSO 2017/2018**RESUMO DA REUNIÓN DO 27/04/2018**

Tras o visto bo da Xunta de Facultade á estrutura proposta para a modificación da memoria do Grao, revisáronse os contidos dos borradores dispoñibles das fichas das asignaturas do primeiro curso. Neste punto recordouse a conveniencia de empregar a Guía de Metodoloxías da Universidade de Vigo e a Guía de Apoyo para la Redacción, Práctica y Evaluación de Resultados de Aprendizaje da ANECA para homoxenizar a redacción das fichas.

Acordouse que as áreas presentarán nas vindeiras reunións as fichas das asignaturas obrigatorias e estableceuse que, para manter certa homoxeneidade, os nomes das materias serán do tipo *Química XXX Y: Descripción da materia* (XXX: Área de coñecemento; Y: Número secuencial da materia). Ademais, os representantes das áreas de coñecemento esbozaron algunhas ideas sobre as posibles asignaturas optativas nas que están a traballar e, de acordo coa información presentada, a comisión estableceu como posibles nomes das mencións os de *Química Avanzada* e *Química Aplicada*.

Por último, o decano comprometeuse a presentar na vindeira reunión da comisión o primeiro borrador do documento completo de modificación da memoria no formato establecido pola Universidade, excluídas as fichas das materias.



Ignacio Pérez Juste